

so, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xuridición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Posto	Nome e apelidos
Apoio aos centros-Carballo	Manuel Ángel García Gómez
Apoio aos centros-Ortigueira	Jesús Emilio Franco Arias
Apoio aos centros-Ferrol	Ramón Luis Gil Sánchez
Apoio aos centros-Ourense	Alejandro González Quintana
Apoio aos centros-Pontedevedra	José María Cerviño Varela
Asesoría Abalar-Subdirección Xeral de Sistemas	José Luis Barreiro Cebey José Enrique Mourón Regueira Pablo Nimo Liboreiro
Asesoría Abalar-Subdirección Xeral de Desenvolvemento	Jesús Calvo Mallón
Asesoría de Contidos Abalar-Dirección Xeral de Educación	Miguel Ángel Valdín Martín Mª Esperanza Gesteira Losada

Orde do 30 de agosto de 2010 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir prazas de persoal asesor nesta consellería.

Pola Orde do 11 de xuño de 2010 (DOG do 21 de xuño) convocouse concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas en la Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, para cubrir prazas de personal asesor nesta consellería.

En aplicación do disposto no artigo oitavo da orde de convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo que se xunta, a adxudicación dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co establecido no artigo oitavo da Orde do 11 de xuño de 2010 (DOG do 21 de xuño), o persoal seleccionado quedará adscrito aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2010 e cesarán nos seus postos de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano, con reserva do posto de traballo de orixe.

Terceiro.-As prazas adxudicadas serán por un período dun ano, renovable ano a ano, ata un máximo de seis.

Cuarto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Denominación da praza	Candidatos seleccionados	Destino
1. Asesor/a técnico/a praza museística pedagóxica.	Emilio Castro Fustes	Secretaría Xeral
2. Asesor/a técnico/a en títulos e rexistros.	Antonio Porteiro Lago	Dirección Xeral de Centro e Recursos Humanos
3. Asesor/a técnico/a docente en formación e certificación da lingua galega.	Manuela María Cuquejo Enríquez	Secretaría Xeral de Política Lingüística
4. Coordinador/a técnico/a central dos equipos de dinamización lingüística.	Xulia Marqués Valea	Secretaría Xeral de Política Lingüística
5. Asesor/a técnico/a docente no centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.	Luís González Tosar	Secretaría Xeral de Política Lingüística
6. Asesor/a técnico/a docente de dinamización lingüística.	Beatriz García Turnes	Secretaría Xeral de Política Lingüística
7. Asesoría de desenvolvemento de programas de innovación educativa.	María Isabel Barreiro Gundín	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
8. Asesoría de atención á diversidade.	Manuel Rey Fernández	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
9. Asesoría de educación secundaria.	Rosa María de la Barca Martín Biedma	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
11. Asesoría de desenvolvemento curricular de ciclos formativos e programas de cualificación profesional inicial.	Nicolás Espasandín Gerpe Luís Fernández Sexto	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
13. Asesoría de acceso e admisión a ciclos formativos.	José Luís López Fontán María Gema Baquero Villaverde Eva Piña Rodríguez	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
14. Asesoría de equipamento específico e oferta de formación profesional.	Susana Pedrosa Castillo José Manuel Carbajal Pichel	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
15. Asesoría de programas de mellora continua e da calidade.	Juan José Cano Fernández	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
16. Asesoría de desenvolvemento do proceso de acreditación de competencias.	María Dolores Vázquez Froján	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
17. Asesor/a técnico/a de información e orientación profesional.	Emilia Esperanza Lamelas Fariña	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Denominación da praza	Candidatos seleccionados	Destino
18. Asesor/a técnico/a de formación en centros de traballo.	Maria Carmen Rey Castro	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
19. Asesoría de programas educativos europeos.	María Blanca Fraga Lago María Luz Ares Fandiño	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
20. Responsable de calidad.	Esteban Valverde Corrales	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

UNIVERSIDADE DE VIGO

Corrección de errores.-Resolución do 4 de agosto de 2010 pola que se convoca concurso público para a provisión de prazas de profesor contratado doutor (CD1009 a CD1037).

Advertida omisión na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, número 168, do mércores 6 de setembro de 2010, na páxina 15.360 procede engadir, ao final da columna da dereita, o seguinte:

«Actividade docente e investigadora: xeneradores e motores térmicos II, modelización de combustión de biomasa».

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO UN DE VIGO

Edicto (705/2009).

Xuízo: procedemento ordinario 705/2009.

Parte demandante: *BMW Financial Services Ibérica EFC, S.A.*

Parte demandada: Cesáreo González González e Belén Rodríguez Estévez.

No xuízo referenciado ditouse a resolución cuxo texto literal é o seguinte:

«Sentenza.

Vigo, 13 de maio de 2010.

Vistos por María Isabel Castro Martínez, maxistrada xuíza do Xulgado de Primeira Instancia número un de Vigo, os autos de xuízo ordinario sobre reclamación de cantidade co número 705/2009, promovidos por *BMW Financial Services Ibérica EFC, S.A.*, representada polo procurador sr. Gallego Martín-Esperanza e asistida do letrado sr. Rodríguez-Gigrey Pérez, contra Cesáreo González González e Belén Rodríguez Estévez, en situación procesual de rebeldía.

Decido que estimando integralmente a demanda promovida pola representación de *Volkswagen Finance, S.A. E.F.C.* contra Cesáreo González González e Belén Rodríguez Estévez, debo condenar e condeno os demandados a aboar solidariamente á demandante a cantidade de 31.169,71 euros en concepto de principal e xuros na data de peche da conta (19 de febreiro de 2009), así como os xuros ao tipo pactado desde a data de peche da conta ata o seu completo pagamento, e ao pagamento das custas procesuais.

Notifíquese ás partes.

Contra esta resolución cabe recurso de apelación, que deberá interpoñerse neste xulgado no prazo de cinco días desde a súa notificación, ante a Audiencia Provincial de Pontevedra.

Así o acordo, mando e asino».

Auto.

Vigo, 28 de maio de 2010.

Antecedentes de feito.

Único.-Recaída nos autos de referencia sentenza con data do 13 de maio de 2010, pola representación de *BMW Financial Services Ibérica EFC, S.A.* solicitouse rectificación desta, na forma exposta no seu escrito con data do 24 de maio de 2010.

Parte dispositiva.

Debo declarar e declaro ter lugar a rectificación da sentenza, con data do 13 de maio de 2010, instada pola representación de *BMW Financial Services Ibérica EFC, S.A.*, modificando o antecedente de feito primeiro e a decisión da sentenza, no sentido de substituír o nome de *Volkswagen Finance, S.A. E.F.C.* polo de *BMW Financial Services Ibérica EFC, S.A.*

Así o acorda, manda e asina María Isabel Castro Martínez, maxistrada xuíza do Xulgado de Primeira Instancia número un de Vigo.

En virtude do acordado nos autos de referencia, de conformidade co disposto nos artigos 156.4º e 164 da Lei 1/2000, de axuizamento civil, por este edicto notifícase en legal forma a Cesáreo González González.